

ESPIÑO MATOS, Xosé: *Cristóbal de Colón. Quinto almirante da Casa de Soutomaior. Parente dos Deza, Mendoza, Lemos e outras casas nobres. Natural de Pontevedra. Descubridor de América*. 154 páxs. 21,5x16 cms. Edita en 2004 o autor, con domicilio en Bandeira (Silleda) Pontevedra.

Cos datos de entrada, que aparecen no título, pouco máis cabe engadir para saber de que vai o libro, nidiamente impreso por Artes Gráficas Vicus, S.A.L. r/ Segovia, 19, Vigo.

Este feito, simplemente material, sorprende agradablemente no primeiro impacto e invita a ler o seu contido de tipo intelectual e mesmo imaxinativo. Porque está escrito con grácil pluma por un home que ten moi lúcida a súa cabeza, para enfiar un delicado tecido de feitos arredor dun protagonista lendario e moi discutido, non só na súa azarosa vida de case anónimo berce, de pseudónimo historiográfico, e quizabes de usurpada galegitude (como pasou con Miguel de Cervantes).

Xosé Espiño escribe en galego unha apaixonada e apaixonante apoloxía das aventuras e desventuras de Colón. Pero non puramente imaxinadas e dissociadas da realidade histórica, como se fose unha novela de mareantes que contra vento e marea lograse cravar as cinco áncoras nunhas insuas caribeñas, armas heráldicas que campean no seu escudo. Cando digo que é unha apoloxía apaixonante, refírome a que fai ferver o sangue de calquera galego que lea esta biografía. Outros de fóra non pensarán o mesmo, porque non lles doe nin dan o callo.


Se non fose irreverencia, diríase que a Espiño picoulle con Cristovo case a mesma anguria ca ós apóstolos con Cristo. Estaban laiando e langreando a resurrección, anque desconfiaban dela; pero comprometéronse a defendela. Hoxe tamén hai moitos que non cren aínda nestes dous misterios: a vida do noso Salvador e a galegitude de Colón, tal vez oriundo de San Salvador de Poio. Parece que aínda non é de día. Pero algo alumea no horizonte.

O libro consta de tres partes. A primeira refírese á dramática vida de Cristóbal de Colón, dende a súa bastarda nacemento (p. 11) ata a súa morte en Valladolid e posteriores sepulturas (p. 65). Na segunda (pp. 69-112) o autor plantexa unha serie de preguntas: Onde naceu? Como se chamaba? Quen era? E propón as razóns que ve para negarlle a Colón outra nacionalidade e afirmar que era natural de Galicia. A terceira parte (pp. 115-119) está adicada a xenealoxía de Colón en Pontevedra.

Finalmente, como complemento, vai unha sucinta documentación testimonial, unha relación de topónimos do descubrimento vencellados con Galicia e unha lista de 216 voces galegas usadas polo almirante, por exemplo, arreo, asexar, con ("peñasco"), espeto, etc.

Despois de dúas páxinas adicadas a bibliografía, termina o autor con esta miúda, pero substancial nota: "Falta comprobar o ADN de Colón e comparalo co de Fernán Iañez de Soutomaior" (o suposto e adúltero pai).

Non sei se algún xenovés que lea este libro repetirá o proverbio italiano: *se non e vero, e bene trovato*. Eu diría que si.



Nicandro Ares

Lvcensia, n. 29, páxs. 393-4